



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO BACHIBAC

CURSO ESCOLAR 2020 - 2021

I.E.S.Plurilingüe Xosé Neira Vilas, Perillo



PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA EN BACHIBAC

Profesor Coordinador e de DNL *D. Xosé Antón García González*, que imparte docencia en 1º de BACHIBAC na materia de **Cultura Científica (Culture Scientifique)**, e en **Iniciación á Historia de Francia**. *Dona Mercedes López-Mayán Navarrete*. *D. Xosé Antón García González* e *Dona Mercedes López-Mayán Navarrete* imparten tamén docencia en 2º de BACHIBAC en **Historia de España e Francia**.

D. Alejandro J. Carrillo Rubio, que imparte docencia en 1º de BACHIBAC nas materias de **Lingua e Literatura Francesa I - 1ª Lingua estranxeira + 1h da materia Iniciación á Literatura de Francia** e en 2º de BACHIBAC nas materias de **Lingua Francesa II - 1ª Lingua estranxeira, Literatura Francesa II e Afondamento de Literatura Francesa II**.

Ata o curso 2016-17 o Bachibac no noso centro funcionou de maneira experimental segundo a normativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Na RESOLUCIÓN do 9 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa procede a regulación da implantación do programa de dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat – Bachibac – en centros educativos de Galicia para o curso 2017-18.

O noso centro presenta a solicitude ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa , unha vez presentados todos os requisitos xunto coa Proxecto correspondente no que se modifica a estrutura de anos anteriores cando funcionaba en “plan experimental” quedando como segue

1º de BACHARELATO : Cultura Científica, Iniciación á Literatura e á Historia de Francia e Lingua e Literatura francesa I

2º de BACHARELATO : Historia de España e de Francia , Lingua e Literatura francesa II e Afondamento de Literatura francesa II

Distribución horaria :

Dur: gue
tam: ma

1º de BACHARELATO	Cultura Científica	2 horas
	<u>Lingua e Literatura francesa I</u>	5 horas
	Iniciación á Literatura e á Historia de Francia	2 horas
2º de BACHARELATO	Historia de España e de Francia	4 horas
	<u>Lingua e Literatura francesa II</u>	4 horas
	<u>Afondamento de Lingua e Literatura francesa II</u>	1 hora

1º de BACHARELATO	Cultura Científica Lingua e Literatura francesa I Iniciación á Historia de Francia I Iniciación á Literatura francesa I	2 horas 5 horas 1 hora 1 hora
2º de BACHARELATO	Historia de España e de Francia Lingua e Literatura francesa II Afondamento de Literatura Francesa I	4 horas 5 horas 1 hora

PREÁMBULO

*Teranse en conta para esta programación as consideracións adoptadas por mor da COVID-19 na adaptación da programación didáctica do pasado curso 2019 – 2020, tal e como estableceron as **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.***

O obxectivo primeiro do Departamento de Francés no presente curso académico, será unha avaliación inicial das competencias e contidos mínimos establecidos na devandita adaptación, sempre tendo en conta os informes individuais do alumnado do pasado curso 2019-2020, e que será seguida por un reforzo necesario para a posta a punto, así como a integración sucesiva das competencias, obxectivos e estándares de aprendizaxe que quedaron no camiño por mor da pandemia.

*Tendo en conta estes elementos, así como as devanditas **Instrucións**, a programación aterase á situación sanitaria do momento; prevendo desde o comezo do curso o uso das plataformas institucionais como é o caso da aula virtual, así como as que os profesores consideren máis oportunas desde o punto de vista pedagóxico e tendo sempre en conta o interese do alumnado.*

Deste xeito, a transición de clases presenciais a un escenario de semi-presencialidade ou ben directamente virtual, será fluída, empregándose neste último caso, a plataforma Webex para a docencia online.

Información detallada ao respecto desenvolvida nas diferentes programacións didácticas do departamento de Francés e do de Xeografía-Historia.

PROGRAMA DE CURRÍCULO MIXTO: BACHIBAC

A. Con carácter XERAL, os estudos do denominado BACHIBAC, no IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS ateranse ao establecido nas disposicións vixentes, a saber (por orde cronolóxica):

1. BOE 08/07/2009.- *Acuerdo entre el Gobierno del Reino de España y el Gobierno de la República Francesa relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat, hecho «ad referendum» en París el 10 de enero de 2008.* (Mº de Asuntos Exteriores y de Cooperación)
2. BOE 12/03/2010.- *Real Decreto 102/2010, de 5 de febrero, por el que se regula la ordenación de las enseñanzas acogidas al acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles.* (Mº de Educación)
3. BOE 07/08/2010.- *Orden EDU/2157/2010, de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención.* (Mº de Educación)
4. BOE 04/11/2010.- *Resolución de 22 de octubre de 2010, de la Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2010- 2011.* (Mº de Educación)
7. BOE 14/06/2011.- *Resolución de 25 de mayo de 2011, de la Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2011- 2012.* (Mº de Educación)
8. BOE.-29/10/2012.-*Resolución de 24 de Septiembre de 2012,de la Secretaria de Estsado de Educación,Formación Profesional y Universidades,por las que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachillerato-Baccalauréat correspondiente al curso 2012-2013.*
9. BOE.- 29/10/201410160 *Resolución de 30 de septiembre de 2014, de la Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2014-2015.* (Mº de Educación)

10. **Orden ECD/1961/2015, de 24 de septiembre, por la que se modifica la Orden EDU/2157/2010, de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención**
11. BOE 186 – 5/08/2019 Resolución de 24 de julio de 2019, de la Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2019-2020.

B. OBXECTIVOS

Mencionamos os obxectivos do BachiBac distintos en parte aos obxectivos do Bacharelato bilingüe da modalidade Español/Galego-Francés.

O alumando que opta á dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat deberá :

-Acadar o nivel de usuario independente avanzado (B2 do MCERL/Marco Común Europeo de Referencia para as linguas).

-Coñecer a literatura e a cultura francesas e de países francófonos.

-Incrementar as súas competencias comunicativas.

-Perfeccionar os seus métodos de traballo.

En primeiro lugar, a aprendizaxe do francés ata conseguir un nivel B2 favorecerá a formación integral do individuo ao proporcionar ao alumnado un mellor dominio da competencia lingüística dá súa capacidade para estruturar o seu propio pensamento; así como ao mellorar ás súas facultades de axuizamento e de imaxinación .

O ensino do francés lingua estranxeira deberá ocuparse especialmente da adquisición de coñecementos lingüísticos comprensión, expresión e comunicación).

Por outra parte, esta materia contribuirá á constitución dunha cultura francófona a través da aproximación ás diversas manifestacións culturais e da lectura de textos de todas clases, principalmente de obras literarias relevantes.

Finalmente, o estudo da lingua e cultura francesas deberá formularse como o desenvolvemento dunhas competencias necesarias en distintas situacións de comunicación, como unha apertura a unha herdanza cultural, ao diálogo entre culturas europeas, permitirá a reflexión sobre distintas opinións e exercitará a capacidade de argumentar; ademais de desenvolver a adquisición duns métodos que favorezan unha maior autonomía nos alumnos.

En función das obras estudadas preténdese afondar no coñecemento de manifestacións artísticas, feitos históricos e sociais emblemáticos. En **1º de bacharelato** estudaranse os séculos XVI, XVII e XVIII, e en **2º de bacharelato** os séculos XIX, XX e XXI , traballando principalmente con fragmentos de diferentes autores e obras poñendo o acento nas correntes literarias, influencias, diferenzas, similitudes entre as culturas francesa e española-galega

CONTIDOS DE LITERATURA FRANCESA

O estudo dos textos organizarase, como se explicou anteriormente, mediante a selección de tres obras literarias completas e de tres conxuntos de textos ou fragmentos en torno a unha temática determinada escritos en lingua francesa. Darase preferencia aos textos e autores máis significativos, sempre que se encontren ao alcance dos alumnos. Afondarase en certas etapas da historia do pensamento e da historia da literatura: o renacemento, o clasicismo, o século das luces...

En función das obras estudadas, engadiranse algunhas manifestacións artísticas emblemáticas. Tamén traballarase de xeito contrastado fragmentos de obras francesas , españolas e galegas co fin de coñecer as influencias, semellanzas e diferenzas entre ambas as dúas culturas, tanto en literatura coma en pintura, escultura, arquitectura, música, cine, cómic...

A seguinte lista de obras preséntase a título indicativo, pois non se trata de facer un estudo cronolóxico e exhaustivo de toda a historia da literatura francesa, senón de afondar nunha selección de textos representativos que permita o coñecemento profundo dos principais movementos literarios e que proporcione os coñecementos e instrumentos necesarios para a súa análise.

LITERATURA FRANCESA 1º DE BACHARELATO-BACHIBAC (este ano cualifícase dentro da materia Lingua e Literatura Francesa I) .-

Narrativa: a novela, o relato curto e o conto:

Século XVI

- . Introducción histórica
- . O Humanismo e o Renacemento
- . A novela, o relato curto e o conto. Rabelais: Gargantua et Pantagruel (fragmentos).
- . Poesía: Du Bellay, Ronsard.
- . Perrault: Les Contes.

Século XVII

- . Introducción histórica
- . Clasicismo e barroco
- . Les salons littéraires
- . A Fontaine: Les Fables (fragmentos)
- . Perrault: Les contes (fragmentos)
- . Rousseau: La Nouvelle Héloïse (fragmentos)
- . Bernardin de St Pierre: Paul et Virginie
- . Prévost: Histoire du Chevalier des Grieux et de Manon Lescaut
- . Lesage: Histoire de Gil Blas de Santillane (fragmentos)
- . Diderot: Contes

Século XVIII

- . Introducción histórica
- . A Enciclopedia e a Ilustración
- . Montesquieu: Les Lettres persanes (fragmentos)
- . Voltaire: Contes
- . Rousseau: A Nouvelle Héloïse (fragmentos)
- . Bernardin de St Pierre: Paul et Virginie
- . Prévost: Histoire du Chevalier deas Grieux et de Manon Lescaut
- . Lesage: Histoire de Gil Blas de Santillane (fragmentos)
- . Diderot: Contes

O teatro:

Siglo XVII:

Corneille: Le Cid

Molière: Le Malade imaginaire, L'Avare, Dom Juan, Tartuffe

Racine: Phèdre, Andromaque, Bérénice

Siglo XVIII:

Beaumarchais: Le Barbier de Séville, Le Mariage de Figaro

Poesía:

Séculos XVI e XVII:

Du Bellay

Ronsard

La Fontaine

Autobiografía:

Rousseau: Les Confessions (fragmentos), Les Rêveries du promeneur solitaire

Chateaubriand: Mémoires d'Outre-tombe (fragmentos)

Ensaio literario ou filosófico, textos argumentativos ou de civilización:

Voltaire: Lettres philosophiques, Dictionnaire philosophique (fragmentos), L'Encyclopédie (artículos)

Rousseau: Discours sur l'origine et le fondement de l'inégalité parmi les – hommes (fragmentos).

LITERATURA FRANCESA 2º DE BACHARELATO-BACHIBAC .-

Narrativa: a novela, o relato curto e o conto:

Século XIX:

Hugo: Les Misérables (fragmentos)
Stendhal: Le Rouge et le Noir, La Chartreuse de Parme
Balzac: Eugénie Grandet, Le Père Goriot, La Cousine Bette
Dumas: Les Trois mousquetaires
Mérimée: La Vénus d'Ille, Carmen
Théophile Gautier: Contes et récits fantastiques
Flaubert: Madame Bovary
Zola: L'Assommoir, Germinal, Thérèse Raquin, Nana
Jules Verne: Le Tour du monde en 80 jours
Guy de Maupassant: Les bijoux, La parure

Séculos XX y XXI

Proust: Un Amour de Swann (fragmentos)
À la recherche du temps perdu.
Saint- Exupéry: Le petit prince, Vol de nuit, Terre des hommes
Camus: L'Étranger, La Peste
Gide: La symphonie pastorale
Simenon: Le Chien Jaune, Le Bourgmestre de Furnes
Albert Cohen: Les valeureux, Le livre de ma mère (fragmentos)
Tournier: Vendredi ou les limbes du Pacifique
Le Clézio: Mondo et autres histoires, La Ronde et autres faits divers, Le chercheur d'or...
Duras: Un Barrage contre le Pacifique
Yourcenar: Mémoires d'Hadrien, Nouvelles orientales.
Raymond Queneau: Zazie dans le métro
Boris Vian: L'Écume des jours
Modiano: La ronde de nuit, Villa triste
Pennac: La petite marchande de prose, Chagrin d'école
Ben Jelloun: L'Enfant de sable, La Nuit sacrée
Maalouf: Léon l'Africain
Nothomb: Stupeur et tremblements
Dai Sijie: Balzac et la petite tailleuse chinoise
Assia Djebar: Nulle part dans la maison de mon père
Éric-Emmanuel Schmitt: Monsieur Ibrahim et les fleurs du Coran
Irène Némirovsky: Suite française
Anna Gavalda: Ensemble, c'est tout

Pascal Quignard: Tous les matins du monde
Sylvie Germain: Magnus, Le Livre des nuits
Jean Giono: L'homme qui plantait des arbres
Jules Romain: Knock ou le triomphe de la médecine
François Mauriac: Nœud de vipères, Thérèse Desqueyroux
Vercors: Le silence de la mer
Romain Gary: La vie devant soi
Françoise Sagan: Bonjour tristesse
Louis Ferdinand Céline: Voyage au bout de la nuit
Erik Orsenna: Madame Bâ
Laurent Gaudé: Le Soleil des Scorta
Pierre Rabbi: Du Sahara aux Cévennes. Itinéraire d'un homme au service de la Terre-Mer
Yasmina Khadra: Les hirondelles de Kaboul, L'attentat, Les sirènes de Bagdad
Marc Lévy: Toutes ces choses qu'on ne s'est pas dites, Le voleur d'ombres

O teatro:

Século XIX:

Hugo: Ruy Blas, Hernani
Rostand: Cyrano de Bergerac

Séculos XX e XXI:

Giraudoux: La Guerre de Troie n'aura pas lieu, Electre
Anouilh: Le voyageur sans bagages, Antigone
Ionesco: Rhinocéros, La Cantatrice chauve, Le Roi se meurt
Sartre: Les Mouches, Huis clos, Les Mains sales
Beckett: En attendant Godot
Yasmina Reza: Art
Nathalie Sarraute: Pour un oui ou pour un non

Poesía:

Século XIX:

Hugo
Musset
Lamartine
Baudelaire
Verlaine
Rimbaud.

Séculos XX e XXI:

Apollinaire
Valéry
Eluard

Aragon / Breton / Desnos / Prévert / Michaux / Ponge / Bonnefoy / S. Senghor / A. Césaire...

Autobiografía:

Sartre: Les Mots (fragmentos)
Perec: W ou le souvenir d'enfance (fragmentos)
Andrei Makine: Le Testament français
Sarraute: Enfance (fragmentos)
Patrick Chamoiseau: Une enfance créole

Ensaio literario ou filosófico, textos argumentativos ou de civilización:

Valéry: Regards sur le monde actuel (fragmentos)
Sartre: L'existentialisme est un humanisme (fragmentos)
Camus: Le Mythe de Sisyphe (fragmentos)
Antonin Artaud: Le théâtre et son double
Lévi-Strauss: Tristes Tropiques
Tzvetan Todorov: Nous et les autres

O 5 de agosto de 2019 publícase unha resolución pola que se dictan instrucións relativas ao Bachibac correspondentes ao curso 2020 – 2021 e 2021- 2022.

No seu apartado 9º, punto 2º, que fai referencia ao tema do estudio da Lingua e Literatura Francesas para as probas do Baccalauréat neste curso e no seguinte explica:

“2. El tema sobre el que versarán las pruebas de los años 2021 y 2022 será «L'Éducation». Las dos obras literarias que desarrollan dicho tema para la segunda parte del ejercicio escrito de la prueba externa de Lengua y Literatura Francesas son «Balzac et la Petite Tailleuse chinoise», de Dai Sijie y «Chagrin d'école», de Daniel Pennac.”

TEMPORALIZACIÓN

- **LITERATURA FRANCESA 1º DE BACHARELATO-BACHIBAC**

Primeiro Trimestre : reflexión sobre «*L'Éducation*» + O século XVI + *Texte d'Opinion*

Segundo Trimestre: O século XVII + «*Chagrin d'école*», de *Daniel Pennac* + *Essai littéraire / Texte d'Opinion*

Terceiro Trimestre: O século XVIII + 2º libro «*Balzac et la Petite Tailleuse chinoise*», de *Dai Sijie* + *Essai littéraire / Texte d'Opinion*

- **LITERATURA FRANCESA 2º DE BACHARELATO-BACHIBAC**

Primeiro Trimestre: O século XIX + «*L'Éducation*» + *Essai littéraire*

Segundo Trimestre: O século XX + XXI + Libro de lectura obligatorio : «*Chagrin d'école*», de *Daniel Pennac* + *Essai littéraire*.

Terceiro Trimestre: O século XX + XXI + 2º libro «*Balzac et la Petite Tailleuse chinoise*», de *Dai Sijie* + *Essai littéraire* + revisión dos dous libros de lectura obrigatoria para a preparación da proba externa BACHIBAC.

A preparación das diferentes partes de que se compón a proba externa de BACHIBAC, integrárase nos tres trimestres dos dous cursos académicos.

A PROBA EXTERNA veu tendo lugar nos primeiros días do mes de maio de 2021, salvo o curso pasado por mor da COVID-19, no que se seguiu a avaliación continua como método de avaliación, tal e como indicaron as instrucións do Ministère de l'Éducation francés.

Esta programación de literatura irase adaptando segundo as características e intereses do grupo de alumnos.

Tratase de que os alumnos se familiaricen con textos literarios franceses e adquiren un coñecemento básico da cultura francesa a través da literatura pero sempre poderán ser suprimidos, ampliados e modificados en función da realidade da aula.

Debemos sinalar tamén que , en 2º de Bacharelato, se trata de contidos moi ambiciosos dada a limitación horaria, xa que dispoñemos de 5 horas semanais unicamente para o desenvolvemento de todos os contidos literarios e lingüísticos.

Tanto en 1º coma en 2º de Bacharelato todo o alumnado ten Francés como 1ª lingua

METODOLOXÍA

Asegurará o coñecemento dos elementos e as estruturas da frase e desenvolverá progresivamente o estudos dos textos.

O devandito estudo de textos e de obras terá en conta tres enfoques: a oración, o texto e o discurso. Iniciarase aos alumnos na produción e na recepción das diferentes formas de discurso. Todo discurso adapta a súa organización, o seu léxico e os seus procedementos a unha situación de comunicación identificada e para os efectos que pretende causar. O profesor ensinará, pois, os diferentes modos de comunicación que os alumnos van necesitar, no oral ou no escrito, nos seus estudos ou na súa vida persoal e social, en función dos destinatarios e dos obxectivos que pretenden alcanzar.

Ao longo do curso, velarase polo desenvolvemento individual e colectivo das competencias que favorezan:

- . A comprensión e a interpretación de textos e de documentos de épocas e de xéneros variados.
- . A produción de textos de xéneros e de rexistros variados
- . A escoita e a toma da palabra.

Trátase de facer dos alumnos persoas capaces de alcanzar un nivel de excelencia no seu xeito de falar e de escribir; para iso o profesor velará pola aprendizaxe de métodos que permitan ao alumnado acceder paulatinamente á autonomía.

O francés lingua estranxeira debe propoñer unha cultura activa, que é necesaria para que se desenvolva a curiosidade dos alumnos e alumnas, condición primeira para favorecer o gusto pola lectura e pola expresión axeitada, así como polas letras e as linguas.

Para iso :

- . Fomentarase a lectura: as lecturas abundantes e variadas son indispensables. Os alumnos deberán ler e traballar, polo menos, dúas obras literarias e tres «conxuntos» de textos de temática común por curso, seleccionados entre os diferentes xéneros literarios.
- . As producións escritas e orais serán diversificadas, e permitirán unha mellor comprensión das lecturas, así como unha mellora no dominio da lingua, dos discursos e da súa capacidade de expresión.
- . O traballo sobre a lingua realizarase de xeito coherente cos textos estudados, pero tamén a partir das producións dos alumnos, de maneira que se mellore o dominio da lingua tanto pola análise coma pola práctica.

Adquisición de saberes e aproximación a unha cultura.

A cultura -particularmente a cultura literaria, e en xeral a humanística- confórmase a través das lecturas e do estudo comparativo dos textos entre si. Agora ben, esixe ademais confrontalos con outras linguaxes, entre os que cabe destacar o discurso da imaxe. Os saberes que se deben adquirir son os coñecementos relativos á civilización da Francia

contemporánea, da literatura francesa e de expresión francesa, e poderán incluír aspectos históricos na medida que xogasen un papel importante para a nosa época.

Co fin de evitar a dispersión e o detalle excesivo, o traballo sobre os textos literarios organizarase en secuencias construídas sobre o estudo de obras integrais e de «conxuntos» de textos. Estes conxuntos ou grupos de textos formarase en función da súa coherencia temática ou formularán unha problemática común, poderán incluír textos non literarios, principalmente argumentais, substanciais e ben redactados. En calquera caso os textos estudados estarán situados no seu marco histórico-cultural.

Os textos literarios ofrecen unha materia moi variada para traballos escritos e orais. Ao iniciarse na súa lectura, os alumnos descubrirán a riqueza expresiva da lingua, e aprenderán a «ler» mellor todo tipo de textos. Escolleranse os que se consideren mellor adaptados ás necesidades, ás capacidades e aos intereses dos alumnos, en función das indicacións do programa e dos criterios seguintes:

- . A progresión das aprendizaxes.
- . O diálogo entre pasado e presente.
- . O diálogo entre a civilización e a cultura francesa e española.
- . A apertura a unha cultura europea.
- . A toma de conciencia da existencia dos diferentes xéneros literarios e formas do discurso.
- . O estudo dos textos (obras integrais ou conxuntos de textos) realizarase á luz da historia ou do contexto histórico e sociolóxico.

LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIA EN 1º E 2º BACHARELATO-BACHIBAC. Curso Escolar 2020 - 2021.

1º Bacharelato - Bachibac

«Chagrin d'école», de Daniel Pennac

«Balzac et la Petite Tailleuse chinoise», de Dai Sijie.

2º Bacharelato - Bachibac

«Chagrin d'école», de Daniel Pennac

«Balzac et la Petite Tailleuse chinoise», de Dai Sijie.

Na Consellería de Cultura , Educación e O.U. segue como coordinadora Dona Mª Jesus Lorenzana Somoza como responsable do BACHIBAC en Galicia.

Seguindo os consellos de profesores que levan varios anos dando clases no BACHIBAC adiantarase a lectura dos dous libros de lectura obrigatoria en 2º de Bacharelato-BACHIBAC para unha primeira lectura en 1º de Bacharelato-BACHIBAC.

PROGRAMACIÓN DE CULTURA CIENTÍFICA (Culture Scientifique) en 1º Bachibac

A programación desta materia específica axustarase aos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave establecidas no Decreto 86/2015, de 25 de xuño.

Especialmente, faremos fincapé nos seguintes contidos:

BLOQUE 0: PROCEDIMENTOS DE TRABALLO

- 1.- A comunicación en ciencia e tecnoloxía: o artigo científico.
- 2.- Ciencia, tecnoloxía e sociedade: perspectiva histórica.

BLOQUE 1: O UNIVERSO

- 1.- Bases da cosmoloxía contemporánea.
- 2.- Do Big Bang ás teorías do multiverso.

BLOQUE 2: A TERRA E A VIDA

- 1.- Orixe e formación da Terra: deriva continental e tectónica de placas.
- 2.- Vulcanismo e terremotos.
- 3.- Orixe da vida na Terra.
- 4.- A evolución a debate: Do fixismo ao evolucionismo. Teorías científicas e pseudocientíficas sobre a evolución.
- 5.- A evolución do ser humano.

BLOQUE 3: AVANCES EN BIOMEDICINA

- 1.- Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica.
- 2.- Últimos avances en medicina.

BLOQUE 4: A REVOLUCIÓN XENÉTICA

- 1.- Tecnoloxías de ADN recombinante e enxeñaría xenética.
- 2.- Revolución xenética. Xenoma humano.
- 3.- Técnicas de reprodución asistida.
- 4.- Células nai e clonación.
- 5.- Bioética.

BLOQUE 5: TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

- 1.- Incorporación da tecnoloxía dixital á vida cotiá.
- 2.- Vantaxes e inconvenientes da evolución tecnolóxica. Consumismo e novas tecnoloxías.
- 3.- Internet na vida cotiá.

Estándares de aprendizaxe

Valoraranse especificamente os seguintes estándares de aprendizaxe:

- Analizar o contido de textos científicos de xeito crítico.
- Presentar información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.
- Analizar o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade.
- Comentar artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas.
- Xustificar a teoría da deriva continental a partir de probas xeográficas, paleontolóxicas, xeolóxicas e paleoclimáticas.
- Utilizar a teoría da tectónica de placas para explicar a expansión do fondo oceánico e a actividade sísmica e volcánica nos bordos das placas.
- Coñecer e explicar as teorías sobre as orixes da vida na Terra.
- Describir as probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares que apoian a teoría da evolución das especies.
- Enfrontar as teorías de Darwin e Lamarck para explicar a selección natural.
- Enfrontar o neodarwinismo coas explicacións non científicas sobre a evolución.
- Coñecer a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das doenzas.
- Establecer a existencia de tratamentos alternativos á medicina tradicional.
- Describir o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos.
- Coñecer e explicar o desenvolvemento histórico dos estudos levados a cabo dentro do campo da xenética.
- Coñecer e explicar a forma en que se codifica a información xenética do ADN, xustificando a necesidade de obter o xenoma completo dun individuo e descifrar o seu significado.
- Describir e analizar as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.
- Establecer as repercusións sociais e económicas da reprodución asistida e a selección e conservación de embrións.
- Describir e analizar as posibilidades que ofrece a clonación.
- Explicar as vantaxes e inconvenientes dos alimentos transxénicos, razoando a conveniencia ou non do seu uso.
- Recoñecer a evolución histórica do computador en termos de tamaño e capacidade de proceso.
- Explicar como se almacena a información en diferentes formatos físicos, tales como discos duros, discos ópticos e memorias.
- Explicar como se establece a posición sobre a superficie terrestre coa información recibida dos sistemas de satélite.
- Establecer e describir a infraestrutura básica que require o uso da telefonía móbil.
- Valorar de xeito crítico a constante evolución tecnolóxica e o consumismo que orixina na nosa sociedade.
- Sinalar as implicacións sociais do desenvolvemento tecnolóxico.

Metodoloxía de aula

A metodoloxía de aula fomentará netamente a participación oral e escrita do alumnado, en lingua francesa, como xeito de apoio ás aprendizaxes de vocabulario e metodoloxías de traballo esixibles no proxecto Bachibac, que inclúen “essais” (ensaios) e argumentacións orais.

Para o desenvolvemento desta metodoloxía activa, o alumnado verase sometido á participación continua en varias actividades reguladas:

1) **“A frase da semana”**, cita científica en relación co contido ou estándar de aprendizaxe elixido para cada semana, co obxecto de expresar oralmente os coñecementos adquiridos sobre a temática proposta. Ás veces, esta actividade poderá adoptar o formato de debate, para o que cada grupo de alumnas/os defenderá unha postura determinada -acorde coa información que deba rastrexar na rede- sobre o tema proposto. Estas actividades poderán ir acompañadas da resolucións de **quizz on-line** que o profesor preparará ex-profeso.

2) **“Os vídeos explicativos”**, actividade consistente na argumentación oral individual de cada alumna/o sobre un contido do programa en cuestión, tamén cunha periodicidade semanal. Trátase de vídeos curtos que promoven, unha vez máis, a aprendizaxe en lingua estranxeira e a necesidade de comunicación oral de ideas adquiridas.

3) **“As redaccións teóricas”**, realizables sobre un tema concreto, proposto cada mes, e no que se atenderá a afondar na metodoloxía do “essai” necesaria para a argumentación no Bachibac francés. A entrega individual destes temas teóricos terá lugar a través da aula virtual habilitada ao efecto.

A participación do alumnado, coa finalidade de superar os contidos e estándares propostos, deberá ser activa e continua, e a tal efecto é o obxecto de valoración preferencial por parte do profesor.

Criterios de avaliación

Para superar a materia é imprescindible a participación activa e continua do alumnado en todas as actividades propostas. De faltar a realización de algunha das tarefas propostas, o alumnado pendente deberá someterse a unha proba final escrita e oral en torno aos aspectos dos contidos ou estándares de aprendizaxe non superados ao longo do curso. Este mesmo criterio establécese no caso de ser precisa a avaliación extraordinaria do alumnado suspenso en xuño.

Introduction à l'Histoire de France de 1º BAC:

Contidos: Historia de Francia, desde 1848 ata 1939

- 1.- A Segunda República.
- 2.- O Segundo Imperio.
- 3.- A Comuna de París.
- 4.- A Terceira República.
- 5.- A Primeira Guerra Mundial.
- 6.- Les années folles.
- 7.- A Francia dos anos 1930.

O seguimento das aulas basearase nos padlets que a profesora Mercedes López-Mayán presentará ao seu alumnado.

O método de avaliación incluirá:

- Varios exames por avaliación, dos cales unha parte seguirán o modelo de exercicios da proba externa ao remate de Bachibac 2 (“commentaire des documents” e “essai historique”) para favorecer a preparación do alumnado (75% da cualificación final de cada avaliación).
- Realización de traballos (comentarios de documentos, ensaios, exposicións orais, actividades audiovisuais, etc.) (25% da cualificación final de cada avaliación).

Ao final de cada avaliación, o alumnado que non lograra aprobar a materia terá a posibilidade de facer a correspondente recuperación, a través dun exame que suporá o 75% da nota da recuperación (máis o 25% correspondente aos traballos desa avaliación).

HISTORIA DE ESPAÑA E FRANCIA 2º BACHIBAC

Obxectivos

Os obxectivos previstos nesta materia ateranse á lexislación vixente, a orde ECD/1961/2015, de 24 de setembro, publicada no BOE, e ás directrices establecidas pola CIUG para o exame ABAU de Historia de España, se ben adaptados na extensión temporal prevista para a proba externa Bachibac (período 1808 ata a actualidade). Completaranse os contidos da Hª de Francia desde 1939 ata a actualidade, incluíndo a Segunda Guerra Mundial, a IVª e Vª República Francesas.

Metodoloxía

A metodoloxía a empregar na materia incluirá en todo momento o traballo das exemplificacións de probas finais establecidas para a Historia de España pola CIUG e para a Historia de España e Francia no caso do Bachibac. Utilizaranse os contidos publicados na web hefproblem.webnode.es e nos padlets da profesora Mercedes López Mayán.

Para as aulas usaranse presentacións, vídeos e metodoloxías interactivas que poidan incluír formatos de “clase inversa” -consistentes na preparación de comentarios e debates por parte do alumnado que despois serán avaliados na aula.

A metodoloxía participativa incluirá tamén a realización de “essais à la française” coa intención de preparar a proba final Bachibac. Estes serán enviados á aula virtual (Classroom ou Moodle) e corrixidos polo profesorado, coa axuda nos aspectos ortográficos da asistente de linguas.

Temporalización

2º Bachibac:

Tal e como se establece nos obxectivos do anexo I-B da Orden EDU/2157/2010, publicada no BOE de 7 de agosto de 2010, é preciso:

“Identificar os procesos, estruturas e acontecementos máis relevantes da historia de Francia desde mediados do século XIX ata os nosos días...”,

Polo que a nosa proposta de programación de Historia de Francia para Bachibac 2 inclúe:

- A Francia do presente: de 1945 aos nosos días

Canto aos contidos da materia troncal obrigatoria “Historia de España”, os contidos están fixados na orde correspondente e reproducida en https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/to_hes_2bac.pdf:

- A evolución política de España desde comezos do século XIX á actualidade

Obxectivos

Os obxectivos previstos ateranse á lexislación vixente, a orde ECD/1961/2015, de 24 de setembro, publicada no BOE, e ás directrices establecidas pola CIUG para o exame de Selectividade de Historia de España.

Metodoloxía

A metodoloxía a empregar na materia incluírá en todo momento o traballo das exemplificacións de probas finais establecidas para a Historia de España pola CIUG e para a Historia de España e Francia no caso do Bachibac.

Para as aulas usaranse presentacións, videos e metodoloxías interactivas que poidan incluír formatos de “clase inversa” -consistentes na preparación de comentarios e debates por parte do alumnado que despois serán avaliados na aula.

A metodoloxía participativa incluírá tamén a realización de “essais à la française” coa intención de preparar a proba final Bachibac. Estes serán enviados á aula virtual e corrixidos polo profesor, coa axuda nos aspectos ortográficos da asistente de linguas.

Avaliación

Ao longo do curso levaranse a cabo tres probas escritas por avaliación, dúas correspondentes ao temario de Historia de España contemporánea e outra correspondente ao temario de Historia de Francia establecido para 2º Bachibac.

Tamén será obrigatoria a entrega de, cando menos, un ensaio ou composición mensual. A entrega de todos os traballos resulta obrigatoria.

Canto á cualificación final, o 75% da nota final corresponde ás probas escritas a realizar, e o 25% restante ao traballo de aula.

En caso de precisarse avaliación extraordinaria, a nota corresponderá á proba escrita que se realizará seguindo o modelo de exame CIUG ou Bachibac.

Iniciación Literatura de Francia (nova materia desde o curso 2018-19 en Bachibac 1)

Tal e como se establece nos obxectivos do anexo I-B da Orden EDU/2157/2010, publicada no BOE de 7 de agosto de 2010, na materia de Iniciación da Lingua e cultura francesas, para os alumnos que optan á dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat son: Acadar o nivel de usuario independente avanzado (B2 do MCERL), Coñecer a literatura e a cultura francesas e de países francófonos, Adquirir unhas competencias comunicativas e uns métodos de traballo Ao longo do curso, o profesor velará polo desenvolvemento individual e colectivo das competencias que favorezan:

- * A comprensión e a interpretación de textos e de documentos de épocas e de xéneros variados;
- * A produción de textos de xéneros e de rexistros variados

Para iso:

* Fomentarse a lectura: as lecturas abundantes e variadas son indispensables

O ensino da Lingua e a literatura francesas nos dous anos do bacharelato concíbese como unha unidade pedagóxica. Comprender a idea xeral e específica, o tema, o contido dun texto oral mantido por outros (relato breve, conferencia, diálogo, debate...).

A expresión escrita e a expresión oral deberán traballarse constantemente ao longo dos dous cursos do bacharelato

Comprender a idea xeral e específica, o tema, o contido dun texto oral mantido por outros (relato breve, conferencia, diálogo, debate...).

O estudo dos textos organizarase mediante a selección que veñen indicados no BOE de 7 de agosto de 2010

Prestarase un interese particular á lectura dos textos dos séculos XIX, XX e XXI (poderanse recomendar os últimos premios literarios, por exemplo, o « Goncourt deas lycéens»).

En función das obras estudadas, engadiranse algunhas manifestacións artísticas emblemáticas: Degas, Toulouse-Lautrec, Gauguin, Matisse, Monet, Manet, Van Gogh, Rodin, Camille Claudel, Satie, cinema francés, cómic francés, belga... Tamén poderán traballarse de maneira contrastada fragmentos de obras francesas e españolas co fin de coñecer as influencias, semellanzas e diferenzas entre ambas as culturas, tanto en literatura como en pintura, escultura, arquitectura, música, cinema, cómic...

Algún exemplos proporcionados polo BOE de 7 de agosto de 2010

<p><u>Autobiografía:</u></p> <p>Sartre: Les Mots (fragmentos) Perec: W ou le souvenir d'enfance (fragmentos) Andreï Makine: Le Testament français Sarraute: Enfance (fragmentos) Patrick Chamoiseau: Une enfance créole</p>	<p><u>Ensaio literario ou filosófico, textos argumentativos ou de civilización:</u></p> <p>Valéry: Regards sur le monde actuel (fragmentos) Sartre: L'existentialisme est un humanisme (fragmentos) Camus: Le Mythe de Sisyphe (fragmentos) Antonin Artaud: Le théâtre et son double Lévi-Strauss: Tristes Tropiques Tzvetan Todorov: Nous et les autres</p>
--	---

1/ Obxectivos xerais

- 1.1. Descubrir autores relevantes
- 1.2. Iniciarse á lectura de textos literarios e históricos
- 1.3. Comprender de maneira moi somera os procedementos literarios e as fontes históricas utilizados
- 1.4. Enriquecer o seu vocabulario
- 1.5. Practicar e mellorar a catro competencias de cara á preparación da Proba Externa Bachibac

2/ Proposta metodolóxica (facendo sempre referencia as indicacións do MECED)

Por norma xeral, en Literatura de Francia presentaremos autores actuais e susceptibles de ser materia de exame a Proba Externa a partir de pequenas biografías xa sexan por escrito o explicadas polo profesor de maneira oral – Competencia da Comprensión Oral.

Ademais, traballarase a lectura do texto correspondente con preguntas relacionadas co mesmo para a práctica da Competencia da Produción Oral , similares ás da Proba Externa e unha vez analizado o texto (Competencia da Comprensión Escrita) pasaremos á Produción Escrita en maneira de “**Artigo de Opinión**” como primeiro paso para poder chegar ao **Essai Littéraire e á Redacción que terán que facer na Proba Externa** – Competencia da produción Escrita

Ademais, canto aos documentos históricos, o alumnado traballará tamén o *comentario de documentos* que a proba final de Bachibac esixe.

*Sobre a metodoloxía destacar as indicacións do **Institut Français** :*

- * *Non traballar somentes o escrito : facer exposicións, debates, clases interactivas*
- * *Integrar as actividades que poñan en práctica as competencias lingüísticas , entre outras:*
 - *lectura-comprensión*
 - *traballo sobre léxico*
 - *resumes*
- * *Obrigar ao alumnado a facer sempre un borrador.*

3/ Material

Fotocopias dos textos previamente preparadas polo profesor de Literatura e documentación preparada polo profesor de Historia no seu blogue xosea.wordpress.com.

4/ Avaliación de : Iniciación á Historia de Francia / Iniciación á Literatura de Francia

A Avaliación deste materia faráse a partir dos “**traballos prácticos**” que serán considerados como unha das actividades fundamentais na mesma; permitirannos un coñecemento vivencial da mesma e permitirán a asimilación dos conceptos estudados nas clases teóricas e ademais permitirán dotar ao alumnado de poñer en práctica todo o aprendido ; doutra banda contribuirán a desenvolver actitudes de planificación, orde, limpeza e seguridade. Este tipo de actividades estarán directamente relacionados coa Proba Externa de fin de Bachibac.

É moi importante que nos traballos prácticos reflicta a estrutura do “**essai à la française**” coa *Introduction – Développement – Conclusion* , que introduza as ideas de forma clara e precisa, que manifieste unha correlación entre a hipótese plantexada e a ou as conclusións, que faga un plantexamento ordenado e claro e todo iso con argumentos pertinentes.

Non debemos esquecer que nos traballos prácticos avaliaremos as competencias lingüísticas correspondentes ao nivel de coñecementos de destrezas que vaian adquirindo; os mesmos deben ter entre 250/300 palabras e deben ter como finalidade a **superación en primeiro lugar da Proba Externa – Bachibac e en segundo lugar os exames DELF B2.**

En caso de que o alumnado non entregue os devanditos traballos, terá dereito a un exame no que se porá en práctica a mesma metodoloxía que se traballa na aula.

Idéntico recurso será o utilizado en caso de que o alumnado non acade os obxectivos da materia, na proba extraordinaria de setembro.

2º de Bacharelato: Afondamento de Literatura Francesa

Nesta hora semanal e seguindo a Resolución de 11 de setembro de 2017, de la Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2017-2018, na que se fan públicos os criterios de elaboración , avaliación e cualificación da Proba Externa de Bachibac ; traballaremos de maneira específica o ESSAI seguindo os criterios de avaliación e cualificación da devandita Resolución.

Á hora de expor o tema do ensaio, considerar os seguintes aspectos:

- 1.- Traballar na medida do posible ensaios relacionados con cada unha das obras obxecto de estudo para este curso académico
- 2.- Tamén e na medida do posible engadiremos algunha pregunta, frase ou reflexión que axude/ guíe ao alumno na súa resposta.

Insistir nos **criterios de avaliación** dos ensaios e que o alumnado debe saber :

- 1.- Valorarase o coñecemento do tema das obras lidas: «*L'Éducation*» e as obras «*Chagrin d'école*», de *Daniel Pennac* e «*Balzac et la Petite Tailleuse chinoise*», de *Dai Sijie*.
- 2- Valorarase así mesmo a coherencia (organización do texto en introdución, desenvolvemento e conclusión), a cohesión textual, a adecuada expresión, a riqueza e pertinencia do vocabulario utilizado e a exposición e argumentación, no seu caso, de ideas propias.
3. – Terase en conta a corrección gramatical, ortografía e puntuación